

Acta da sesión ordinaria do 9 de novembro de 2011

Sesión: ordinaria

Lugar: Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación

Data: 9 de novembro de 2011

Hora de comezo: 12:00 h

Hora de remate: 14:30 h

Presidente: Salustiano Mato de la Iglesia

Secretario: Manuel Gutiérrez Nieto.

Asistentes: Blanco Pesqueira, Antonia, Corbacho Valencia, Juan Manuel, Fariña Rivera, Francisca, Gutiérrez Nieto, Manuel, Gutiérrez Sánchez, Águeda, Mato de la Iglesia, Salustiano, Méndez Abilleira, Begoña, Mollinedo Lois, Carlos, Soutelo Soliño, Carlos, Souto Otero, José Carlos.

Escusan asistencia Juan Carlos Meana e Paloma Cabello, que están asistindo á Conferencia de Decanos das Facultades de Belas Artes de España. Envían a Fernando Suárez Cabeza, sen voz nin voto. Tamén escusan asistencia Margarita Pino e Enrique Valero.

Orde do día:

- 1.-Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2.-Informe do Presidente.
- 3.-Informe da Vicerreitora do Campus de Pontevedra sobre as cátedras de empresa.
- 4.-Constitución da comisión delegada do Consello de Campus para seleccionar os proxectos presentados nas convocatorias de cursos e obradoiros de extensión universitaria.
- 5.- Rogos e preguntas.

1.- Apróbase a acta da sesión anterior (31.05.2011).

Apróbase por unanimidade.

2.- Informe do Reitor

-Sobre datos de matrícula, está cuberta a demanda excepto en Enxeñaría Forestal, de 50 prazas cubríronse 29.

-Respecto á especialización do campus de Pontevedra, presenta moitas fortalezas polo tipo de titulacións impartidas para establecer eixos e liñas específicos, destacando dous eixos importantes:

Eixo Deporte e Saúde

Eixo Comunicación-Creatividade

Habería que reunirse en xaneiro cos centros e logo convocar aos investigadores. Tamén reunirse coa Secretaría Xeral para o Deporte para harmonizar os seus intereses cos da Universidade.

Os orzamentos dos centros deberían estar ligados aos resultados con acordos específicos para cada centro.

No 2012 pediranse fondos europeos para a ampliación de Fisioterapia e outras accións.

En canto ás liñas específicas, destacan as seguintes: Enxeñaría Forestal e Xestión Pública.

Habería que trasladar dentro da comunidade e fóra, a través da innovación educativa, as potencialidades da Enxeñaría Forestal, por exemplo, o Centro de Lourizán, a Misión Biolóxica, a Rede con Enxeñaría Forestal, para poder visualizar o potencial da E. Forestal e atraer a estudantes.

-Xestión Pública: sería importante unha alianza estratéxica coa EGAP.

3.- Informe da Vicerreitora do Campus de Pontevedra sobre as cátedras de empresa:

A Vicerreitora informa que hai convocadas eleccións a alumnos para o Consello de Campus. Hai 7 alumnos que poderían ser votados na presente convocatoria. Os alumnos estaría ata outubro.

Respecto ás cátedras, en Pontevedra hai 4 cátedras (Filgueira Valverde, Álvarez Osorio, ENCE, Alexandre Bóveda). A Filgueira Valverde está financiada por Novagalicia Banco, para potenciar os estudos de investigación e celebrar as actividades do Memorial Filgueira Valverde.

A cátedra Alexandre Bóveda tamén está financiada por Novagalicia Banco, para levar a cabo actuacións e colaboración xunto coa Fundación Alexandre Bóveda, para traballar en proxectos de investigación.

Respecto á cátedra Álvarez Osorio, tamén financiada por Novagalicia Banco, habería que facer convenios coa Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación para prácticas de alumnos, etc.

En canto á cátedra ENCE, está financiada por ENCE, cumpriría informar das actividades realizadas. Segundo Enrique Valero neste momento non hai interlocutor debido aos cambios na empresa. O Reitor falará co presidente do Grupo Ence para establecer contactos con Huelva.

Carlos Souto pregunta cómo queda a cátedra Filgueira Valverde ao estar financiada por Novagalicia Banco. O Reitor di que haberá que esperar ao ano próximo para falar cos novos interlocutores do banco.

4.- Constitución da comisión delegada do Consello de Campus para seleccionar os proxectos presentados nas convocatorias de cursos e obradoiros de extensión universitaria

Respecto á comisión de extensión universitaria para o Campus de Pontevedra, propónse unha comisión formada por 2 docentes, 1 PAS e 1 estudante, presidida pola vicerreitora do Campus.

Saen elixidos Francisca Fariña, Carlos Mollinedo, José Carlos Souto Otero (Ciencias Sociais).

Carlos Mollinedo pregunta se se cubriron todos os cursos, a vicerreitora di que non debido á normativa, habería que reconverter este formato.

5º.- Rogos e preguntas.

Carlos Mollinedo suxire que os aparcadoiros das persoas discapacitadas estean comunicados por un paso elevado co cal tamén se limitaría a velocidade.

Estaría ben que se fixese un estudo técnico do alumeado da Biblioteca. Respecto ao centro, se estivese pechado evitaríase que se fumase alí. Tamén propón que se faga un acto na Casa das Campás sobre aforro de gasto, habería que abaratar o gasto en calefacción por sectores.

A Unidade Técnica utiliza só o castelán como lingua de comunicación, deberían de potenciar o galego.

No Campus, o edificio de Forestais non ten alumeado exterior, a Vicerreitora di que se rompeu un cableado debido ao arranxo da Illa das Esculturas.

Carlos Soutelo Soliño pregunta se as mostras de traballos dos estudantes de Belas Artes poden ter visibilidade na cidade.

Carlos Mollinedo pide que se publiquen as actas do Consello de Campus na páxina web. Tamén pide que se habilite un espazo para actos culturais, por exemplo para acoller concertos de grupos de música.

Francisca Fariña pregunta polas obras do aparcadoiro. A Vicerreitora di que a principios de xaneiro está pensado comezar.

Sen máis, levántase a sesión ás 14.30 horas.